# PREGUNTAS PARA LLE FACER EN ALTA VOZ A FEDERICO GARCÍA LORCA, IRMÁN

Ai Federico García! Ai Federico
Que te afastou da angra acolledora da túa estirpe?
Como fuches acubillar no tobo da ignominia?
Que te levou a rexeitar o fío vermello que Ariadna tendera?
Que te levou a Granada?
Di, Federico García
Que estraño sino te fixo confiar en minotauros?
Cantas noites de lúa para distinguir
o urro ~~da~~ quimera do canto das sereas?
De onde agromou a furia ancestral
que rachou a xeometría do teu corpo?
Ai Federico García! Ai Federico
Que se sinte cando os fusís percuten nas túas costas?
Que cando as balas laceran a túa pel de óleo e caramelo?
Que logo do estoupido, do revolto da razón
da vértebra que secciona o centro e as cisternas?
A que ule a incandescencia do corpo queimado pola pólvora?
A que cheira a traizón dos benamados?
Eu quixera saber, Federico
a opacidade do diamante, o voo do colibrí,
as imaxes que pasaron tras das pálpebras
Eu quixera saber, Federico
que paixóns, que escrituras
que delicias gardabas nos gabetos do cerebro?
Eu quixera saber, ai Federico
que te esperaba logo do golpe inmóbil
do sangue ás xurgalladas?

Xavier Queipo

xavierqueipo.gal